



Caderno da crítica

Antón Cortizas: "A cultura lúdica está esmorecendo. Cómpre retransmitila"

[Ramón Nicolás 7 Abril 2013](#)

Mestre de profesión, [Antón Cortizas Amado](#) (Ferrol, 1954) conta cunha longa traxectoria no ámbito dos relatos e novelas para o público infantil e xuvenil, onde recibiu diversos galardóns como o Barco de Vapor ou o Merlín. O seu [currículo](#) como investigador refórzase con este volume que nos ocupa, aínda que xa dera espléndidas mostras do seu traballo con títulos como *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares* (2001), ou *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota* (2010).

-Cal é a orixe deste [proxecto](#)?

-A [Chirlosmirlos](#) faltáballe un capítulo, que é o que agora sae á luz, en forma de libro. Mais quizabes, tamén haxa que escaravellar nas raíces daquel cativo argalleiro que fun.

-Que o conduciu a estruturar a información a xeito de enciclopedia?

-Sempre se ten que escoller un método, que se desenvolve cunha organización e tamén unha clasificación ou catalogación, como este traballo concreto require. Segundo lle fun dando beo ás informacions e ás descrições, foise tecendo o xeito do libro, mellorábel sen dúbida, mais a vía escollida non me supuxo demasiados atrancos para chegar á penúltima estación (á última nunca se dá chegado). A clasificación elixida é, por suposto, unha das posibles. Os brinquedos e enredos están agrupados ao meu entender, en función da súa finalidade principal ou dos elementos necesarios para a súa elaboración, como é o caso do uso lúdico da Natureza.

-O libro, é evidente, persegue algo máis que unha catalogación...

-E mais si. En primeiro lugar, o enguedellarme neste labor non sería posíbel se o mesmo non me resultase agradábel e interesante. En segundo lugar, a cultura lúdica, coma tantas outras cousas, está esmorecendo. Cómpre retransmitila. Se somos alguén serémolo por ser dun lugar concreto, se non sempre seremos unha sucursal. O libro nace da cerna do noso país, non esquecendo, madía leva, que somos pequenos, concretos, simples, e iso, ao meu entender, é o que nos fai verdadeiramente interesantes, porque é o que nos permite encher ese furado do Mundo que só nós podemos encher.

-O reto máis difícil que abordou?

-Non sei, tal vez, de forma inconsciente, o ter paciencia para continuar aos poucos, recollendo informacions, construíndo os brinquedos ou pedíndolles a outras persoas, buscando as plantas precisas, lendo libros referentes, procurando literatura sobre os brinquedos e enredos... Visitei

museos, exposicións, bibliotecas, coas limitacións temporais e económicas que sen dúbida afectaron o meu labor. Mais, velaquí que contei con grande cantidade de axuda de todo tipo, informantes de acó e de aló ou compañeiros de docencia e amigos... En realidade toda esta xente é autora de *Tastarabás*.

-Que expectativas persoais deposita neste libro?

-O máis gustoso sería que os contidos do mesmo fosen útiles para que as persoas, cativas ou adultas, recuperasen a capacidade de enredar co noso arredor, gozándoo, respectándoo, conservándoo e contándoo nesta nosa lingua que tanto nos precisa.

Esta entrevista publicouse nas páxinas do suplemento “Culturas” de [La Voz de Galicia](#), o 6 de abril de 2013.